



**Concello de Tomiño**  
PONTEVEDRA

P-3605400-E  
Praza do Seixo  
Tel 986 622 001  
Fax 986 622 530  
C.P. 36740

tomino@concellos.depontevedra.es

**BASES IV CERTAME DE PINTURA AO AIRE LIBRE ANTONIO FERNÁNDEZ DO CONCELLO DE TOMIÑO**

DATA DA CELEBRACIÓN: 21 de agosto de 2016

LUGAR: Parroquia de Goián en Tomiño

1. Poderán participar todas as persoas maiores de 18 anos de calquera nacionalidade.
2. O tema será calquera paisaxe do percorrido establecido no plano que se entregará no momento do selado de soportes. O procedemento e a técnica serán libres.
3. A inscrición será gratuita e se fará desde o día de publicación destas bases ata o sábado 20 de agosto (incluído) a través do enderezo electrónico [alcaldía@tomino.gal](mailto:alcaldía@tomino.gal) o día 21 de agosto de forma presencial de 09:30 a 11h00 na Aula Museo Antonio Fernández.
4. As persoas inscritas deberán presentarse o día do certame entre as 9:30 e 11:00 horas na Aula Museo Antonio Fernández na praza Antonio Fernández de Goián – Tomiño co obxecto de que a organización sele e numere o soporte.
5. Cada participante deberá ir provisto de todo o material que poida necesitar para desenvolver a súa obra, incluído o cabalete ou soporte.

O soporte deberá ser ríxido (lenzo, taboleiro, etc.) e de 1 cm. de ancho como mínimo. Se presentará en branco sen textura e sen ningún tipo de marco, mínimo de 50 x 50 cm, e máximo de 100 x 100 cm.

6. As obras terminadas serán presentadas, sen asinar e xunto co cabalete, para súa exposición no Espazo Fortaleza no río, entre as 18:00 e 19:00 do mesmo día do certame co obxecto de que o xurado inicie a calificación das obras. Só se admitirá una sola obra por artista.

As obras premiadas serán asinadas despois da entrega de premios.

7. O xurado, composto por personalidades vinculadas co mundo das artes e por membros das entidades patrocinadoras dos premios, reunirse a partir das 19 horas do mesmo día do certame e emitirá o fallo ás 19:30 horas.
8. Os premios establecidos, ambos patrocinados polo Concello de Tomiño, serán os seguintes:
  - 1º Premio: 1.000 euros.





**Concello de Tomiño**  
PONTEVEDRA

P-3605400-E  
Praza do Seixo  
Tel 986 622 001  
Fax 986 622 530  
C.P. 36740

tomino@concellos.depontevedra.es

- 2º Premio: 500 euros.
- 3º Premio: 500 euros.

O 1º, 3º serán con cargo ao orzamento do Concello de Tomiño. O 2º Premio correrá a cargo da Comunidade de Montes de Goián.

Todos os premios están suxeitos á lexislación fiscal vixente, realizándose sobre ditas cantidades as retencións legalmente establecidas.

Para recoller os premios será imprescindible a presenza do autor ou autora ou dun certificado no seu nome.

Se o xurado o estimara oportuno algún dos premios podería quedar deserto.

9. Todas as obras premiadas pasarán a ser propiedade dos patrocinadores dos premios que se reservan o dereito de edición e reprodución das mesmas.
10. Os autores poderán recoller a obra o mesmo día do certame entre as 19:30 e as 20:30 horas, sendo requisito necesario presentar a copia da ficha de inscrición.
11. O concello de Tomiño, que en todo caso velará pola boa conservación das obras, non se fai responsable de calquera contingencia que poidan sufrir tanto as obras como os materiais dos participantes durante o desenvolvemento do certame.
12. A participación neste certame supón a plena aceptación das presentes bases.

O QUE SE FAI PUBLICO AOS EFECTOS PREVISTOS NO CITADO ACORDO.

TOMIÑO AGOSTO DO 2016.

A ALCALDESA



ASDO SANDRA GONZÁLEZ ALVAREZ